

Sexo, obscenidade e oralidade

Contra o pudor e a castidade impostos secularmente ás clases populares, a inventiva do pobo creou un variado corpus literario. Narracións clandestinas na boca de sociedades reprimidas cunha necesidade imperiosa de emanciparse. Disto imos falar na Xornada de Literatura de Tradición Oral a celebrar en Lugo o 24 de outubro co título "Sexo e obscenidade na literatura de tradición oral".

A literatura do sexo, tan presente na comunicación oral, forma parte dos asuntos social e academicamente esquecidos. E se a literatura do sexo non se divulga e investiga, que dicir do escatolóxico! Hai temas que aínda padecen o estigma do tabú.

A transmisión, de predominancia oral, de chistes, ditos ou recitados onde o sexo, as partes pudendas e os excrementos son protagonistas, quedou restrinxida a ámbitos de confianza e poucas veces chega aos gabinetes dos investigadores. O vocábulo *obsceno*, que interpretamos como impúdico, indecente ou inmoral, ten etimoloxía dubidosa e significados moldeados polo encadre cultural ou relixioso. En todo caso, obsceno é o que se esconde, o que non se debe ver ou dicir en público porque pode ser ofensivo ou ter rango de vicio. É fillo da represión cultural e relixiosa exercida sobre os desexos sexuais das persoas. Mais contar de sexo ou escatoloxía é unha forma de rebeldía, tanto dos máis cativos contra os adultos como dos sometidos contra os opresores. Un recurso social contra a alienación que, ademais, ten o engado do prohibido.



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aeig.gal

Antonio
Reigosa.
Escritor